



## ACTA DO XURADO

### II CERTAME NOVA DRAMATURXIA GALEGA ACTUAL

Seguindo as bases da convocatoria do II Certame Nova Dramaturxia Galega Actual, convocado pola compañía Feira do Leste co apoio da Deputación de Pontevedra, o xurado, constituído polos membros que se relacionan a continuación, reúne para fallar o premio na edición do ano 2019.

- **Irene Moreira**, programadora e directora teatral.
- **Vanesa Sotelo**, dramaturga.
- **César No**, director teatral.

Actúa como secretario con voz pero sen voto **Ernesto Is**, dramaturgo e membro de Feira do Leste.

Tras a análise de tódalas obras recibidas e as perceptivas deliberacións, decídese por unanimidade premiar o texto titulado *Ofelia ou o cabeiro da cóbrega*, presentado baixo o lema **Cordelia**. Unha vez aberta a plica, resultou ser gañador **Fernando Castro Paredes**.

Salienta o xurado o coidado uso da lingua galega e o artellamento dunha sólida carpintaría dramaturxica neste novo achegamento ao mito de *Hamlet* desde a personaxe de Ofelia. O texto propoñe, ademais, a recuperación da maxia para o teatro cunha riqueza de accións dramáticas que poden resultar moi estimulantes á hora de poñelas sobre as táboas, tanto para un equipo artístico como para o público galego.

En Vigo, a 25 de xaneiro de 2019.

O Xurado